

CAMPO POLIDEPORTIVO(Fútbol e rugby)

Só se poden usar botas multitaco permitidas para este tipo de céspede ou zapatillas deportivas.

- ✚ Esta instalación está destinada á práctica deportiva do fútbol 7, fútbol 11 e rugby principalmente, e aquelas outras que se autoricen dende Área Deportiva da USC.
- ✚ Para usar a instalación hai que ter **unha reserva** feita e pagada ou estar inscrito nalgunha actividade que se imparta na mesma.
- ✚ Tanto o/a titular da reserva como as/os demais deportistas deberán ser usuarios de deportes e presentar o **código QR** ou a **TUI** para acceder á instalación.
- ✚ En calquera momento pode pedírselle a identificación mediante documento oficial (DNI, pasaporte, carné de conducir...). Se non se pode identificar será expulsado da instalación e a reserva poderá ser anulada son dereito a devolución.
- ✚ Poderanse reservar quendas de xogo cunha antelación máxima de 6 días para a categoría A e 3 días para as categorías B e C.
- ✚ Cada usuario deberá esgotar a súa quenda de xogo antes de poder solicitar a seguinte.
- ✚ Os prezos de reserva son os que figuran publicados na oferta de práctica libre.
- ✚ Non se permitirá o uso continuado de máis dunha hora aos mesmos usuarios, salvo en torneos autorizados pola Área Deportiva, e previa petición por escrito.
- ✚ Non se pode fumar en ningún lugar desta instalación.
- ✚ Para poder retirar calquera material, propio da instalación ou depositado na mesma, é imprescindible estar en posesión da autorización da Área Deportiva da USC e asinar o recibo correspondente ao persoal da mesma.
- ✚ Non se permite a entrada ás instalacións de ningún tipo de animal agás os cans guía.
- ✚ Tampouco se pode entrar con envases metálicos ou de cristal.
- ✚ Está prohibido abandonar desperdicios dentro do recinto desta instalación debendo empregar papeleiras e outros recipientes destinados ao efecto.
- ✚ A persoa que fixo a reserva ou que actúe como delegado/a ou encargado/a do equipo ou persoa a quen se lle autorizou o uso desta instalación asumirá a responsabilidade subsidiaria das infraccións e desperfectos que cometesen os integrantes do equipo.
- ✚ Cando os desperfectos os provocasen os espectadores asumirá a responsabilidade subsidiaria o club, delegado, equipo ou persoa a quen se lle autorizou o uso da instalación.
- ✚ A USC non se fará responsable de calquera tipo de incidencia acontecida polo incumprimento dalgunha das normas ou por non facer un uso axeitado da instalación.
- ✚ Os accidentes ou lesións que sufran os usuarios na práctica deportiva serán asumidos polos seus respectivos seguros particulares.
- ✚ **O incumprimento dalgunha destas normas así como facer caso omiso ás indicacións do persoal, será motivo suficiente para expulsar aos/as causantes ou a anulación inmediata da reserva, o que implica que tanto titular como invitados deben abandonar a instalación.**
- ✚ Os usuarios terán á súa disposición unha caixa de queixas, reclamacións suxestións e parabéns para expoñer o que lles pareza pertinente, co obxecto de mellorar o funcionamento do servizo.
- ✚ A USC resérvase o dereito de modificar as presentes normas, sen previo aviso, cando as necesidades do servizo o requiran.